



# CCOO INFORMA 13/24

## COMPLEMENTO DE PATERNIDADE

### **Que é o complemento de maternidade por achega demográfica nas pensións da Seguridade Social?**

É un complemento económico (entre un 5 % e un 15 %, segundo os casos) que se engade á contía da pensión que percibe quen accede a unha pensión contributiva de xubilación, viuvez ou incapacidade permanente. Desde maio de 2023, o complemento poden percibirlo de maneira simultánea ambos os proxenitores.

Non se pode percibir no caso de xubilacións parciais e anticipadas debidas á vontade exclusiva da persoa pensionista.

### **Que requisitos deben cumprir os homes para solicitar o complemento de maternidade?**

Ademais de ser titulares dunha pensión contributiva de xubilación ordinaria ou forzosa, viuvez ou incapacidade permanente, deben cumprir os seguintes requisitos:

- Que a pensión se recoñecera entre o 1 xaneiro de 2016 e o 3 de febreiro de 2021.
- Ter dous fillos/as ou máis. En función diso, establécese un incremento da pensión segundo o número de fillos/as: un 5 % por dous, un 10 % por tres e un 15 % por catro ou máis.

### **Que prazo hai para reclamar o complemento?**

Unha sentenza do Tribunal Supremo de marzo de 2024 establece que a solicitude pode facerse en calquera momento desde que se recoñece a prestación porque o complemento, como parte da pensión, non está suxeito a ningún prazo de prescrición.

En diferentes ámbitos xurídicos enténdese que o complemento só se poderá solicitar ata decembro de 2024, que é cando se cumpren os cinco anos da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) que recoñece o dereito a reclamálo.

### **Pódense reclamar danos e perdas se non conceden o complemento?**

O Tribunal Supremo estableceu en 1800 euros a indemnización que o INSS deberá pagar aos homes aos que denegou o complemento, de conformidade cunha sentenza do TXUE, entendendo que resulta obrigado establecer unha indemnización para compensar os danos e perdas sufridos.

Secretaría de Emprego e Política Social  
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia